



SI

A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia


Edición 2019

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2019

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>



A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia

Edición 2019

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2019



INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DO ESTUDO	6
I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR TIC	7
I.1. Demografía empresarial do sector TIC galego	8
I.2. Emprego no sector TIC	15
I.3. Contribución do sector TIC á economía galega	23
I.4. Certificacións de calidade	25
II. ACTIVIDADES DE I+D+i e INNOVACIÓN	27
II.1. Actividades de I+D+i	28
II.2. Innovacións introducidas nos tres últimos anos	32
II.3. Solicitude de patentes	38
III. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC	40
III.1. Equipamento tecnolóxico	41
III.2. Sistemas informáticos	44
III.3. Internet	61
III.4. Páxina web	80
III.5. Redes sociais	83
IV. COMERCIO ELECTRÓNICO	87
IV.1. Compras	88
IV.2. Vendas	92
V. FORMACIÓN	101
V.1. Formación	102
VI. CIBERSEGURIDADE	108
VI.1. Emprego de sistemas de seguridade informática	109
VI.2. Incidentes de seguridade acontecidos	112
VII CONCLUSIÓNS	114

INTRODUCCIÓN

Este informe presenta os resultados da “Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia”, realizada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

O estudo está incluído no [Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2020](#) e ten como obxectivo caracterizar o sector empresarial TIC galego, por ser un sector estratéxico no desenvolvemento económico de Galicia e polo efecto tractor e dinamizador TIC que exerce no resto de actividades empresariais.

Este diagnóstico consolídase así coma [unha fonte de información de referencia](#) sobre o sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions en Galicia. Ademais, os resultados desta análise permitirán:

- Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020 no sector TIC.
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído no Plan Galego de Estatística 2017 – 2021

O estudo recolle a situación no ano 2019 con respecto a unha serie de indicadores e obxectivos relacionados co sector TIC:

- Caracterización e información económica das empresas TIC.
- Actividades I+D+i, innovacións organizativas, comerciais, de produtos e de procesos TIC.
- Equipamentos TIC, servizos empregados a través de Internet e dispoñibilidade de páxina web e redes sociais.
- Comercio electrónico
- Formación e axudas para o desenvolvemento do uso das TIC.
- Percepción actual e prospectiva de mercado

Este informe complementase con información procedente do IGE e INE, relativa ao número de empresas, emprego e contribución do sector TIC ao PIB galego. Inclúe datos evolutivos e proporciona unha perspectiva comparada atendendo ao número de empregados/as, actividade económica e provincia onde está ubicada a sede da empresa.

METODOLOXÍA DO ESTUDO

O estudo sobre a Sociedade da Información en Galicia realizouse entre as empresas TIC galegas atendendo aos criterios metodolóxicos que se expoñen de seguido:

■ **Ámbito:** Galicia.

■ **Universo:** sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, adicadas a actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación, agrupadas en 5 grupos (Manufactureiras, Comerciais, Telecomunicacións, Actividades informáticas e Outros Servizos TIC)¹

■ **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.

■ **Tamaño da mostra:** 482 entrevistas a empresas relacionadas coas TIC.

■ **Afixación:** Polietápica: estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego e a actividade específica da empresa TIC; nunha segunda fase selección aleatoria da unidade mostral dentro de cada un dos estratos definidos.

■ **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,12\%$.

■ **Traballo de campo:** do 8 de marzo ao 28 de maio de 2019.

¹ No Anexo expónse a información do CNAE 2009 que comprende cada grupo.


I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR TIC

- 
- The background image is a blurred screenshot of a financial trading platform. It features several panels: a table of market data on the left, a line chart for EURUSD on the right, and another line chart for Gold at the bottom. The text in the image is semi-transparent and serves as a backdrop for the main content.
- ☞ A cifra de empresas do Sector TIC en Galicia creceu un 1,9% máis respecto ao ano anterior, chegando ata as 2.627 entidades.
 - ☞ Galicia ocupa o quinto lugar das Comunidades Autónomas respecto á cifra de empresas TIC.
 - ☞ O emprego no sector TIC no ano 2018 aumenta un 7,7%, chegando ata os 18.163 traballadores/as.

I.1 Demografía empresarial do sector TIC galego

- 👉 En Galicia había 2.627 empresas TIC no ano 2017, o que supón un crecemento respecto do ano anterior de 48 novas entidades (un 1,9% máis).
- 👉 Galicia continúa no quinto posto respecto as demais Comunidades Autónomas en canto a número de empresas TIC.
- 👉 O 82% das empresas TIC en Galicia posúe un máximo de 2 empregados/as.

Durante o ano 2017 o número de empresas TIC en Galicia continua coa liña de crecemento experimentada nos últimos anos, chegando ata as 2.627 empresas e asentándose na quinta posición respecto ao resto de comunidades autónomas de España.




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (España) e IGE (Galicia). Ano 2017

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC Comparación Galicia e España

(nº de empresas TIC)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (España) e IGE (Galicia). Anos 2013-2017

A maioría das empresas TIC en Galicia están relacionadas coa actividade de "Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática" (CNAE09=62.0), contabilizando un total de 1.692 empresas.

**C.1. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS DO SECTOR TIC GALEGAS SEGUNDO A ACTIVIDADE CNAE 2009
EVOLUCIÓN ANOS 2013-2017**

Actividades CNAE 2009	Número de empresas				
	2013	2014	2015	2016	2017
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados	12	14	15	16	14
26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos	43	41	41	48	44
26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións	23	18	18	12	11
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	3	5	4	5	6
26.8. Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0	0	0	0	0
46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	388	395	396	387	374
58.2 Edición de programas informáticos	8	10	11	12	12
61.1 Telecomunicacións por cable	13	16	21	22	20
61.2 Telecomunicacións sen fíos	14	13	13	13	13
61.3 Telecomunicacións por satélite	3	3	2	2	2
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	137	145	129	122	109
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	1.332	1.384	1.486	1.618	1.692
63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web	119	126	125	141	134
95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación	147	161	176	181	196

Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2017


No informe, amosaremos a seguinte agrupación de actividades do CNAE09:

- Manufactureiras TIC (26.1 26.2, 26.3, 26.4)
- Comerciais TIC (46.5)
- Telecomunicacións (61.1, 61.2, 61.3, 61.9)
- Actividades informáticas, portais web e procesamento de datos (62.0, 63.1)
- Outros servizos TIC (Edición de programas informáticos -58.2- e reparación de ordenadores -95.1-).

Tendo en conta esta clasificación, as empresas adicadas as “Actividades informáticas” conforman o maior bloque das empresas TIC galegas, un 69,5% respecto ao total. Especificamente, as adicadas á “Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática” son as empresas TIC máis presentes en Galicia.

G.3. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA SEGUNDO GRANDES GRUPOS CNAES

(% empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2017

En relación ao número de empregados/as nas empresas TIC, destacar un crecemento homoxéneo en todas as entidades independentemente do seu tamaño.

G.4. EMPRESAS DO SECTOR TIC SEGUNDO O NÚMERO DE EMPREGADOS /AS

GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2013-2017

(nº de empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017

A forma xurídica das empresas TIC galegas é predominantemente a de sociedades e outras formas xurídicas, constituíndo o 59,4% do total de entidades. Aínda así, volve a aumentar a representatividade das persoas físicas no conxunto do tecido empresarial, pasando do 38,3% do ano 2016 ao 40,5% no 2017.

G.5. CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2017

Na provincia da Coruña sitúanse a maioría das empresas TIC (o 45,7% da totalidade), destacando Pontevedra como a segunda provincia galega con maior porcentaxe de empresas TIC (o 34%).

G.6. UBICACIÓN DA SEDE

(% empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2017

A maior parte das empresas TIC galegas, o 89,4%, posúen capital galego, tendo en Galicia tanto a sede como os centros produtivos.

G.7. TIPO DE EMPRESA POLA UBICACIÓN DO CAPITAL E DOS CENTROS PRODUTIVOS


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

O 93,4% das empresas TIC da nosa Comunidade non forman parte de ningún grupo empresarial. Soamente o 6,6% pertencen a un grupo de empresas.

G.8. PERTENZA A GRUPO EMPRESARIAL



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

I. 2 Emprego no sector TIC


- ☞ Os datos de afiliacións á Seguridade Social en Galicia mostran un forte incremento do emprego no sector TIC no ano 2018, un 7,7%, acadando os 18.163 traballadores/as. Trátase do maior crecemento do emprego nos últimos cinco anos.
- ☞ A porcentaxe de homes que traballa no sector TIC (68,4%) duplica á cifra de mulleres traballadoras adicadas ás TIC, incrementándose a fenda respecto ao ano 2017.
- ☞ O 83,3% dos traballadores/as TIC cotizan no Réxime Xeral da Seguridade Social e o 55,4% do emprego se concentra na provincia da Coruña.
- ☞ O 30,7% do persoal das TIC na nosa Comunidade, posúen titulacións relacionadas coas TIC (superiores ou medias). Por xénero, esta porcentaxe distribúese entre 22,1% de homes e un 8,6% de mulleres.
- ☞ O 59,6% das empresas TIC galegas considera difícil ou moi difícil atopar novo persoal con formación axeitada en TIC ou co perfil en novas tecnoloxías.

Segundo a información facilitada pola Seguridade Social respecto das afiliacións, no ano 2018 o sector TIC deu emprego a 18.163 persoas, o que supón un importante incremento do 7,7% e marcando un novo record nos últimos cinco anos.

G.9. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empregados/as do sector TIC Evolución Galicia 2014-2018

(nº de traballadores / as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social.

O emprego segue a concentrarse con maior intensidade no réxime xeral, que representa o 83,3% do total de emprego do sector, e que ademais experimenta un crecemento importante no último ano. O forte crecemento do emprego do sector TIC no ano 2018 incide tamén nun modesto incremento no número de autónomos/as.


C.2. EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O REXIME DE COTIZACION. ANOS 2014-2018

Ano / Réxime	Réxime xeral	Réxime especial de autónomos	Total
Media 2014	11.108	3.292	14.400
Media 2015	12.446	3.237	15.683
Media 2016	13.003	3.095	16.098
Media 2017	13.861	3.005	16.866
Media 2018	15.134	3.029	18.163

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social.

A porcentaxe de homes que traballan no sector TIC segue a ser moi superior á de mulleres traballadoras adicadas ás mesmas actividades, incluso incrementándose lixeiramente respecto ao ano 2017 (0,5 puntos).


G.10. EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O SEXO. 2018



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Ano 2018.

A provincia da Coruña concentra máis da metade do emprego do sector TIC galego, onde se atopa o 55,4% do persoal adicado ás TIC. Pontevedra, pola súa parte, é a provincia onde traballa o 30,6% dos empregados/as, mentres que nas provincias de Lugo e Ourense traballan un 7,4% e un 6,6% respectivamente.

G.11. EMPREGO NO SECTOR TIC DE GALICIA SEGUNDO A PROVINCIA. AÑO 2018




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Ano 2018

Respecto ao total de ocupados/as a taxa de afiliacións á Seguridade Social do Sector TIC galego supón un 1,8% das afiliacións.

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

TAXA DE EMPREGO DO SECTOR TIC RESPECTO DO TOTAL DE OCUPADOS/AS ANOS 2014-2018

(% sobre o total de afiliacións a Seguridade Social en Galicia)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

Entre todas as actividades do sector TIC, a de Actividades informáticas concentra o 58,9% do total do emprego galego, mentras que o sector das Telecomunicacións ocupa a segunda posición en canto á porcentaxe de persoal, cun 19,4%.

G.13 DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL DAS EMPRESAS TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

(% sobre o total de traballadores / as das empresas TIC)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

Distribución de funcións e titulacións do persoal nas empresas TIC

O 66,2% dos empregados/as das empresas TIC galegas adícase especificamente a tarefas TIC, incrementándose en 15,6 puntos porcentuais respecto do 2018. A dedicación a estas funcións crece tanto entre os homes como entre as mulleres, de modo que o 49,8% dos homes e o 16,4% de mulleres desenvolven a súa actividade en tarefas TIC. Aínda así, a fenda entre homes e mulleres incrementase ata os 33,4 puntos porcentuais.

Nos postos directivos a distancia entre homes e mulleres manténse en torno aos 6,9 puntos, e naqueles que implican tarefas non TIC, as diferencias por xénero redúcense ata os 1,3 puntos porcentuais.

C.3 DISTRIBUCIÓN DAS FUNCIÓNS DOS TRABALLADORES SEGUNDO O XÉNERO


FUNCIÓN DOS TRABALLADORES/AS	SEXO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
Dirección	8.8	1.9	10.7
PERSOAL ADICADO Á TAREFAS TIC	49.8	16.4	66.2
PERSOAL NON ADICADO Á TAREFAS TIC	12.2	10.9	23.1

Base: empresas TIC con empregados por conta allea ou propia
Fonte: OSIMGA

A porcentaxe de traballadores/as que posúen algunha titulación TIC é do 30,7%, destacando en segundo lugar respecto a titulacións, os ciclos formativos superiores TIC, a formación do 27,4% dos empregados / as das empresas TIC galegas. Este tipo de formación crece en algo máis de cinco puntos porcentuais, mentres que a formación superior decrece.

G.14 DISTRIBUCIÓN DOS TRABALLADORES TIC SEGUNDO A SUA FORMACIÓN


(% sobre o total de traballadores/as das empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Menos dun terzo dos traballadores/as das empresas TICs (30,7%) posúen formación media ou superior específica en TICs, cunha diferenza entre homes e mulleres significativa, de 13,5 puntos porcentuais.

G.15 TAXA DE FORMACIÓN MEDIA OU SUPERIOR ESPECÍFICA EN TIC'S
(% sobre o total de traballadores/as das empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


C.4 DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS TITULACIÓNS DE TRABALLADORES / AS

Titulacións	XÉNERO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
Titulación TIC -Grao ou máster-. Titulados superiores ou medios (<i>Enxeñaría en Informática ou Telecomunicacións, Física ou similar</i>)	22,1	8,6	30,7
Titulacións superiores ou medias non TIC	7,9	6,4	14,3
Ciclos formativos superiores no ámbito TIC	21,7	5,7	27,4
Ciclos formativos medios no ámbito TIC	3,1	0,9	4,0
Outras	5,2	4	9,2
Descoñece a titulación	10,8	3,5	14,4

Base: total de traballadores / as das empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Diminuíu levemente a porcentaxe de empregados / as nas empresas TIC que posúen algún tipo de discapacidade, pasando do 7,7% ao 7,3%.

G.16. PRESENZA DE TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE



Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia
Fonte: OSIMGA

Demanda de traballadores / as


O 59,6% das empresas Tic galegas consideran difícil ou moi difícil atopar candidatos/as axeitados para os perfís que requiren formación en tecnoloxías da información e comunicación.

Hai un ano a porcentaxe de empresas que opinaban así era do 60%, destacando o mantemento do grado de dificultade en encontrar persoal, cun 28,8% de empresas que consideran moi difícil neste 2019 fronte o 23,5% das que o corroboraban no ano 2018.

G.17. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia)



Fonte: OSIMGA

As empresas adicadas as actividades informáticas son as que declaran maiores dificultades para atopar persoal formado en TIC, crecendo a porcentaxe das que sosteñen esta consideración ata o 67,6% (1,3 puntos máis que hai un ano).

C.5. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE


Dificultade para atopar o perfil en Tic	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Nunca precisou contratalo	20.0	28.9	26.7	16.6	18.8	20.2
Moi Difícil	40.0	13.3	20.0	33.8	31.3	28.8
Difícil	20.0	28.9	20.0	33.8	25.0	30.8
Doado	20.0	24.4	33.3	15.9	25.0	19.4
Moi doado	---	4.4	---	---	---	0.9

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia
Fonte: OSIMGA

A maior dificultade para contratar persoal TIC segundo o 67,1% das empresas TIC galegas é a carencia de persoas especialistas en novas tecnoloxías da Información e Comunicación. O segundo argumento é o do 43,6% das empresas TIC que apuntan aos custes demasiado elevados para facer fronte a contratación deste persoal formado en novas tecnoloxías.

G.18. TIPO DE DIFICULTADES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia que atopan difícil ou moi difícil contratar novo persoal)




Fonte: OSIMGA

I.3. Contribución do sector TIC á economía galega

👉 O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego para o ano 2016 foi superior aos 1.096 millóns de euros, o 1,9% do PIB total de Galicia.

O valor engadido bruto (VEB)² do sector TIC en Galicia durante o 2016 superou os mil millóns de euros, que en termos relativos representa un 1,86% do PIB de Galicia, dacordo cos datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

G.19. VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC EN GALICIA



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

² **Definición:** Na economía empresarial, o **valor engadido dunha empresa (VEB)** é a diferenza entre o importe das vendas da empresa e as compras feitas a outras empresas sen incluír a depreciación do capital fixo durante o período.


A magnitude, a nivel macroeconómico, o que fai realmente é o sumatorio do valor agregado por todas as empresas dun país. O Valor Engadido Bruto é a macromagnitud económica que mide o valor engadido xerado polo conxunto de produtores dunha área económica, recollendo en definitiva os valores que se agregan aos bens e servizos nas distintas etapas do proceso produtivo.

O Valor Engadido Bruto garda unha estreita relación co PIB. O PIB obtense despois de engadirlle ao valor agregado do país os impostos indirectos que gravan as operacións de produción.

O IGE cambiou a base contable para adaptarse á nova metodoloxía europea (Sistema Europeo de Contas SEC-2010), o que obrigou a refacer as estimacións tanto do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia como das ramas de actividade que o forman. Este é un procedemento habitual en cada cambio de base contable co que se pretende ofrecer unha imaxe fiel da economía e as súas compoñentes.

G.20. CONTRIBUCION DO SECTOR TIC A ECONOMIA GALEGA

PORCENTAXE QUE REPRESENTA O VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC NO PIB DE GALICIA



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

O Valor engadido Bruto do sector TIC, creceu tamén a nivel estatal superando no 2016 os 31.900 millóns de euros.

C.6. VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC EN MILES DE EUROS


Valor Engadido Bruto	Ano 2012	Ano 2013	Ano 2014	Ano 2015	Ano 2016
Galicia	1.126.337	1.021.7458	1.015.581	1.002.556	1.096.900
España	31.688.547	30.558.879	29.701.933	30.629.666	31.900.790

I.4. Certificacións de calidade

- ☞ Diminúe levemente a porcentaxe de empresas TIC galegas que teñen algún tipo de certificación de calidade, tipo ISO 9001, CMMI ou similares, situándose nun 8,3%, o que supón 1,1 puntos porcentuais menos que no ano 2018.

G.22. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE

(% empresas TIC)



Tendo en conta o sector de actividade, as empresas clasificadas como “Manufactureiras TIC” son as que máis posúen certificacións de calidade, cun 42,9%. En segundo lugar respecto a dispoñibilidade, estarían as empresas adicadas as “Telecomunicacións” cun 14,8%.

C.9. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO A ACTIVIDADE

Certificación de calidade	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	42.9	7.2	14.8	6.9	5.3	8.3
Non	57.1	92.8	85.2	93.1	94.7	91.7

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa reflicte dereitamente na dispoñibilidade de certificacións de calidade, xa que algo máis da metade de empresas de máis de 10 asalariados/as, o 51.4%, posúe algunha certificación. Pola contra, a porcentaxe de microempresas que teñen certificacións de calidade, é do 4,9%.

C.10. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Certificación de calidade	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Si	4.9	51.4	8.3
Non	95.1	48.6	91.7

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Por ámbito xeográfico, apenas atopamos diferenzas destacables, salvo nas empresas con Sede fóra de Galicia, onde o 66.7% das empresas TIC dispoñen de certificacións. Dentro das empresas con sede na nosa comunidade, destacan as ubicadas na provincia de A Coruña, cun 6,3% de empresas TIC que contan con algunha das certificacións ISO 9001, CMMI ou similares.

C.11. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO A PROVINCIA

Certificación de calidade	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	6.3	5.7	5.7	5.7	66.7	8.3
Non	93.7	94.3	94.3	94.3	33.3	91.7

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

II. ACTIVIDADES DE I+D+i e INNOVACIÓN



☞ Unha de cada tres empresas galegas do sector TIC, fixo actividades de innovación en materia de I+D+i durante o último trienio, e un 65,1% delas, obtivo resultados comercializables.

☞ Aumentou a cooperación con outras empresas ou entidades para entidades para facer innovacións, chegando ata o 21,7%.

II.1. Actividades de I+D+i


- ☞ Un terzo das empresas TIC galegas (33,2%) levaron a cabo actividades de I+D+i durante os 3 últimos anos, baixando levemente a porcentaxe respecto aos datos da edición anterior (34%).
- ☞ Dentro das empresas que fixeron actividades I+D+i, a porcentaxe das que obtiveron resultados comercializables continúa a ser o mesmo, un 65,1%.

G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC que realizaron actividades de I+D+i nos tres últimos anos

Evolución Galicia

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

As empresas adicadas ao sector “Manufactureiras TIC”, continúan sendo as que fixeron máis actividades relacionadas co I+D+i nos 3 últimos anos, pasando dun 47,1% do ano pasado ao 50%. A segunda posición en canto a actividades innovadoras en I+D+i, sitúanse as empresas de “Telecomunicacións”, cun 48,1%, mentres que o ano pasado destacaban neste posto as empresas de “Actividades informáticas” cun 39,7%.

C.12. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A ACTIVIDADE

Actividades I+D+i no período 2014-2016	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	50.0	17.4	48.1	35.6	23.7	33.2
Non	50.0	82.6	51.9	64.4	76.3	66.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa, amosa ser un factor relevante que inflúe nun maior porcentaxe de innovación e investigación tecnolóxica, cun 68,6% de empresas de máis 10 ou máis asalariados/as que realizaron actividades relacionadas co I+D+i, mentres que nas microempresas foi do 30.4%.

C.13. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS/AS

Actividades I+D+i no período 2014-2016	N° DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Si	30.4	68.6	33.2
Non	69.6	31.4	66.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Tendo en conta a ubicación da sede das empresas, as TIC da provincia de Pontevedra, cun 40,5% son as que máis actividades fixeron nos tres últimos anos, relacionadas co desenvolvemento tecnolóxico e a investigación.

C.14. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A PROVINCIA


Actividades I+D+i no período 2014-2016	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	28.7	28.6	25.7	40.5	55.6	33.2
Non	71.3	71.4	74.3	59.5	44.4	66.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A porcentaxe de empresas que fixeron actividades de I+D+i e que obtiveron resultados comercializables, continúa o mesmo que o do ano, cun 65,1%.

G.24. OBTENCION DE RESULTADOS COMERCIALIZABLES

(% empresas TIC que realizaron actividades de I+D+i)



Fonte: OSIMGA

A presenza masculina, segue a ser maior no persoal adicado nas tarefas I+D+i nas empresas TIC galegas, aínda que a evolución feminina na distribución de traballadores / as, segue a subir, pasando dun 12,3% a un 15%.

C.15. MEDIA DE TRABALLADORES / AS EN I+D+i

	XÉNERO (Nº MEDIO)		Total
	Homes	Mulleres	
ADICADOS A I+D+i	1.77	0.26	2.03

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

C.16. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DE TRABALLADORES / AS EN I+D+i


	XÉNERO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
ADICADOS A I+D+i	85.0	15.0	100.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

II.2. Innovacións introducidas nos últimos tres anos


- ☞ Aumentou lixeiramente a porcentaxe de empresas TIC de Galicia que durante os últimos 3 anos introduciron bens novos ou mellorados de xeito significativo acadando o 28,3% (1,1 puntos porcentuais máis). Tamén subiu a porcentaxe empresas TIC que introduciron servizos novos ou mellorados durante o período 2016-2018, pasando dun 36,2% a un 37,9%.
- ☞ A cooperación ou colaboración interempresarial continúa incrementándose, pasando do 20,8% ao 21,7%, o que supoñe 0,9 puntos porcentuais máis.

G.25. INTRODUCCIÓN DE BENS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2016-2018



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

G.26. INTRODUCCIÓN DE SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2016-2018




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas “Manufactureiras TIC” galegas, foron de novo as que máis introduciron bens novos ou mellorados, durante os 3 últimos anos, cun 57,1%, aumentando 10 puntos porcentuais a porcentaxe do ano pasado.

En canto aos servizos, o ano pasado destacaban as empresas de “Actividades informáticas”, cun 41,8%, mentres que este ano destacan as empresas galegas de “Telecomunicacións”, cun 48,1%.

G.27. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2016-2018 SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa incide nas innovacións introducidas, tanto as referidas a bens como as de servizos, rexistrándose practicamente o dobre de porcentaxe nas empresas TIC de 10 ou máis traballadores/as.

G.28. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2016-2018 SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As empresas TIC con sede na provincia de A Coruña, destacan por ser as que máis introduciron bens novos ou mellorados (31,2%). Noutra banda, as empresas de Pontevedra, son as durante o período 2016-2018 máis introduciron innovacións referidas a servizos (43,9%).

G.29. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2016-2018 SEGUNDO A PROVINCIA


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Nesta edición, baixou lixeiramente a porcentaxe das empresas que introduciron novidades unicamente para si mesmas, pasando dun 58,9% a un 55,4% (3,5 punto porcentuais menos). Pola contra, aumentou a porcentaxe de novidades introducidas polas empresas para os seus mercados, crescendo dun 40,6% ata o 44,6% (4 puntos porcentuais máis).

G.30. INNOVACIÓNS INTRODUCIDAS NO PERÍODO 2016-2018



Fonte: OSIMGA

Os bens ou servizos que máis introduciron as empresas TIC galegas continúan sendo os sistemas de xestión dos coñecementos (na edición anterior cunha porcentaxe do 51,4%, e nesta dun 59,2%), seguidos tamén das innovacións en actividades de apoio para os seus procesos (56,4%).

C.17. TIPOLOXÍA DE BENS OU SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS


TIPOLOXÍA DE BENS OU SERVIZOS NOVOS MELLORADOS	SI	NON
Métodos de fabricación ou produción de bens ou servizos	31.6	68.4
Sistemas loxísticos ou métodos de entrega ou distribución	13.0	87.0
Actividades de apoio para os seus procesos, como sistemas de mantemento ou operacións informáticas, de compra ou de contabilidade	56.4	43.6
Sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utilización ou o intercambio de información , coñecementos e competencias dentro da súa empresa	59.2	40.8
Na organización do traballo e na estrutura de xestión así como na integración de distintos departamentos ou actividades	49.0	51.0
Nas súas relacións con outras empresas ou institucións públicas por exemplo, mediante alianzas, asociación, externalización ou subcontratación	30.0	70.0

Base: empresas TIC que introduciron bens ou servizos novos mellorados de maneira significativa no período 2015-2017
Fonte: OSIMGA

Volve a aumentar a cooperación ou colaboración con outras empresas ou entidades, crescendo en 0,9 puntos porcentuais, cunha porcentaxe de 21,7% empresas TIC galegas que cooperaron con outras nos últimos tres anos.

G.31. EVOLUCION DO INDICADOR

Cooperacións das empresas TIC nalgunha actividade de innovación con outras compañías ou entidades no período 2016-2018



Fonte: OSIMGA

Novamente destacan as empresas pertencentes ao sector das “Actividades informáticas”, cun 42,9% delas que cooperaron con outras compañías ou entidades en materia de innovación.

C.18. COOPERACIÓNS DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Cooperaron no período 2016-2018 con outras compañías ou entidades	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	42.9	11.6	14.8	24.3	15.8	21.7
Non	57.1	88.4	85.2	75.7	84.2	78.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa amosa ser un factor que que inflúe considerablemente na cooperación das empresas en materia de innovación. Nas microempresas TIC galegas, a porcentaxe das que fixeron actividades de innovación con outras compañías ou entidades durante o último trienio, foi do 19,9%, mentres que nas de 10 ou máis empregados / as, a porcentaxe duplicase subindo ata o 45,7%.

C.19. COOPERACIÓN DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS

Cooperaron no período 2016-2018 con outras compañías ou entidades	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados / as	
Si	19.9	45.7	21.7
Non	80.1	54.3	78.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Durante o último ano, medrou a colaboración con socios en tódalas ubicación, especialmente no estranxeiro, cun crecemento de 7,3 puntos porcentuais máis en países fora da UE (10,1%).

C.20. LOCALIZACIÓN DO PAÍS DO/S SOCIO/S

PAÍS ONDE ESTÁ UBICADO O/S SOCIO/S	2016	2017	2018	2019
España	93.6	91.8	92.4	95.2
Outro país de la UE	14.6	8.9	11.7	12.2
EEUU	6.3	6.6	4.3	7.8
Os demais países	10.7	7.5	2.8	10.1

Base: empresas TIC que cooperaron con actividades de innovación con outras compañías ou entidades
Fonte: OSIMGA


II.3. Solicitud de patentes

- ☞ Durante o último ano, subiron as solicitudes de debuxos ou modelos industriais (1,4 puntos), os dereitos de autor (1,1 puntos) e as marcas (0,3 puntos de diferenza).

G.32. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Solicitud de dereitos de propiedade intelectual e industrial

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


A maior tamaño da empresa, maior porcentaxe de solicitudes de dereitos da propiedade intelectual e industrial, atopando a maior diferenza na solicitude de marcas rexistradas no período 2016-2018, onde nas microempresas a porcentaxe é de 9,2%, mentres que nas empresas de 10 ou máis traballadores/ as, triplícase ata o 28,6%.

**C.21. SOLICITUDE DOUTRO TIPO DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL
SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS**

OUTROS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Patente	1.8	8.6	2.2
Algún debuxo ou modelo industrial	2.7	8.6	3.0
Algunha marca	9.2	28.6	10.5
Dereitos de autor	5.1	8.6	5.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

III. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC



- ☞ Durante o último ano, nas empresas TIC galegas incrementouse a presenza de equipamentos como a Rede de área local sen fíos (2 puntos porcentuais), a telefonía móbil para uso empresarial (1 punto máis), os servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos (0,7 puntos máis), e a Rede de área local LAN (0,3 puntos).
- ☞ Un novo indicador de equipamento tecnolóxico, introducido a raíz da súa utilización crecente, a impresión 3D, conta con presenza no 8,5% das empresas TIC da nosa comunidade.


III. 1. Equipamento Tecnolóxico

- ☞ Durante o último ano, nas empresas galegas incrementouse a presenza de equipamentos TIC como a Rede de área local sen fíos (2 puntos porcentuais), a telefonía móbil para uso empresarial (1 punto máis), os servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos (0,7 puntos máis), e a Rede de área local LAN (0,3 puntos).
- ☞ Un novo indicador de equipamento tecnolóxico, introducido a raíz da súa utilización crecente, a impresión 3D, conta con presenza no 8,5% das empresas TIC galegas.

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Equipamentos en TIC

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

*Indicador introducido na edición 2019

Entre os equipamentos máis habituais, as empresas adicadas a actividades TIC que engloban a “Outros servizos”, son as que máis empregan a telefonía móbil para uso empresarial (94,0%), seguidas das “Manufactureiras TIC” cun 92,9%.

C.22. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Impresión 3D	50.5	10.4	11.6	6.1	8.3	8.5
Sistema operativo de código libre-linux	45.4	42.1	50.3	60.8	38.5	55.3
Rede de área local	76.8	88.9	83.6	77.6	83.5	80.0
Rede de área local sen fíos	85.7	79.4	80.6	81.0	86.2	81.3
Servidores para bases de datos	83.9	71.5	78.1	73.8	51.8	72.2
Intranet corporativo	49.7	31.9	42.9	38.4	25.2	67.0
Extranet	29.3	19.9	27.2	28.0	17.4	26.0
Videoconferencia	70.9	39.0	45.5	56.6	29.4	51.8
Telefonía móbil para uso empresarial	92.9	92.4	83.9	88.4	94.0	89.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O volume de persoal inflúe de xeito positivo nunha maior porcentaxe en xeral da dispoñibilidade de equipamentos tecnolóxicos, de modo que as empresas de 10 ou máis asalariados contan con maior nivel de equipamento. Destacando a dispoñibilidade de teléfono móbil para uso empresarial no 90% das empresas TIC, de modo independente ao seu tamaño, é a rede de área local sen fíos o segundo equipamento máis frecuente entre as microempresas e os servidores de bases de datos entre as de 10 ou máis asalariados / as (95,7%).

C.23. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS / AS

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	N° DE EMPREGADOS/AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Impresión 3D	7.5	20.6	8.5
Sistema operativo de código libre-linux	54.3	66.7	55.3
Rede de área local	78.7	95.5	80.0
Rede de área local sen fíos	80.7	88.9	81.3
Servidores para bases de datos	70.2	95.7	72.2
Intranet corporativo	34.0	72.7	67.0
Extranet	23.6	54.9	26.0
Videoconferencia	48.7	88.2	51.8
Telefonía móbil para uso empresarial	89.2	90.8	89.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas TIC ubicadas na provincia de Lugo destacan pola dispoñibilidade de telefonía móbil para uso empresarial (96,9%), dispoñer de sistema operativo de código libre (65,6%), ademais de rede de área local (87,1%) e rede de área local sen fíos (90,3%).

C.24. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A PROVINCIA

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Impresión 3D	7.0	5.8	16.4	8.7	16.1	8.5
Sistema operativo de código libre-linux	54.4	63.8	42.1	56.4	65.6	55.3
Rede de área local	78.9	90.4	69.9	79.2	97.8	80.0
Rede de área local sen fíos	81.7	89.4	67.1	81.4	87.9	81.3
Servidores para bases de datos	70.1	70.2	69.1	73.5	97.8	72.2
Intranet corporativa	37.6	35.1	36.2	32.6	70.3	67.0
Extranet	27.1	25.4	24.6	22.7	44.1	26.0
Videoconferencia	53.0	55.1	44.0	49.1	68.7	51.8
Telefonía móbil para uso empresarial	87.7	100.0	86.3	88.8	97.8	89.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

III. 2. Sistemas informáticos


- ☞ O 33,1% das empresas TIC galegas conta con empregados/as que teletraballan, aínda que con representación dispar entre as empresas de maior volume de traballadores/as.
- ☞ O lugar desde onde teletraballan a maioría de empregados/as é o propio domicilio (88,8%) aínda que durante as viaxes de negocio ou en instalacións de clientes ou empresas asociadas ronda tamén resulta frecuente.
- ☞ As ferramentas informáticas orientadas á xestión de clientes e provedores son as máis utilizadas polas empresas TIC galegas, en porcentaxes que superan o 68% das entidades.
- ☞ Unha de cada catro empresas TIC galegas (25,9%) realizou algún tipo de intercambio de datos de xeito electrónico ou automatizado no último ano, achegándose ao 68,6% no caso das empresas de 10 ou máis traballadores/as.
- ☞ O intercambio de datos máis nomeado polas empresas son os envíos de instrucións de pago a entidades bancarias (87,4%) aínda que tamén destaca o intercambio automatizado coa Administración Pública (72,2%).
- ☞ Continúa o incremento tanto dos envíos como das recepcións de facturas electrónicas, acadando o 51,2% no caso dos envíos e o 25,2% no das recepcións.
- ☞ Nesta edición de 2019 volve destacar o auxe das tecnoloxías Cloud, que facilitan as empresas o uso de recursos compartidos e configurables a través da Rede. Máis da metade das empresas TIC galegas, o 57,9%, emprega servizos Cloud, aumentando 18,3 puntos dende o ano 2015.

En primeiro lugar destacar o aumento da porcentaxe de empresas TIC galegas que posúen empregados / as que teletraballan, crecendo ata o 33,1%, 1,8 puntos porcentuais.

G.34. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas TIC con empregados/as que teletraballan

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As empresas relacionadas coas actividades informáticas continúan sendo as que posúen maior porcentaxe de empregados / as que teletraballan (36,2%).

G.35. EMPRESAS TIC CON EMPREGADOS/AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O crecemento do teletraballo nas TIC galegas produciuse entre as microempresas, aumentando 2,4 puntos porcentuais, mentres que nas empresas de 10 ou máis traballadores / as diminúe en 6,8 puntos.

G.36. EMPRESAS TIC CON EMPREGADOS/AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO O N° DE ASALARIADOS/AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Na nosa comunidade, as empresas da provincia de Pontevedra son as que destacan por posuír unha maior porcentaxe de empregados/as que teletraballan (35%). Nas empresas galegas que posúen sede fóra de Galicia, a porcentaxe de teletraballo acada o 61,1%.

G.37. EMPRESAS TIC CON EMPREGADOS/AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O domicilio continúa a ser o lugar escollido na maioría das ocasións para ter acceso ao teletraballo, tal e como recoñece o 88,8% das empresas TIC galegas.

G.38. LUGAR DE ACCESO AO TELETRABALLO


(% empresas TIC que teñen empregados / as que teletraballan)



Fonte: OSIMGA

Neste ano 2019 o manexo das ferramentas informáticas tales como Xestión de loxística, de produción, de clientes e provedores ou administrativa de venda e compra, contable e financeira, evolucionou cun leve descenso, aínda que mantense elevado especialmente no caso do uso de programas de Xestión de clientes e provedores (68,6%), ou Xestión administrativa de vendas e compras (62%).

G.39. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Emprego de ferramentas informáticas
 (% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

A actividade empresarial desenvolvida inflúe de xeito directo no manexo de ferramentas informáticas, destacando a Xestión administrativa de vendas e compras nas empresas TIC “Manufactureiras” (85,7%), mentres que a “Xestión de Clientes e provedores” é a aplicación máis usada nas “Comerciais TIC” (85,6%), “Telecomunicacións” (66,7%), “Actividades informáticas” (63,5%) ou empresas adicadas a “Outros servizos” (81,6%).

C.25. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Xestión contable e financeira	73.3	78.3	44.4	58.1	60.5	60.8
Xestión administrativa de vendas e compras	85.7	84.1	51.9	57.5	60.5	62.0
Xestión de clientes e provedores	78.6	85.6	66.7	63.5	81.6	68.6
Xestión de produción	50.0	33.3	44.4	29.6	26.3	31.3
Xestión de loxística	66.7	52.2	33.3	11.1	23.1	20.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Como vimos comentando, a maior número de empregados / as, maior uso de ferramentas informáticas para o desenvolvemento da xestión empresarial. A diferenza do uso de ferramentas de Xestión de produción, a menos frecuente, entre as microempresas (28,4%) e as TICs galegas de 10 ou máis empregados / as (68,6%) é de 40,2 puntos porcentuais.

C.26. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO Nº DE EMPREGADOS /AS

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Xestión contable e financeira	58.4	91.4	60.8
Xestión administrativa de vendas e compras	60.0	88.6	62.0
Xestión de clientes e provedores	66.7	94.3	68.6
Xestión de produción	28.4	68.6	31.3
Xestión de loxística	18.8	45.7	20.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

En todas as provincias galegas as ferramentas informáticas de Xestión de clientes e provedores, son as máis empregadas. Nesta liña, salienta a información das empresas ubicadas na provincia de Lugo, onde se da un maior uso de todas aplicacións que no resto das provincias, salvo nas de Xestión de Produción, onde destaca especialmente a provincia de Pontevedra (34,8%).


C.27. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A PROVINCIA

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Xestión contable e financeira	59.9	65.7	51.4	60.8	77.8	60.8
Xestión administrativa de vendas e compras	56.4	65.7	68.6	65.6	83.3	62.0
Xestión de clientes e provedores	65.3	74.3	71.4	70.3	83.3	68.6
Xestión de produción	28.8	28.6	22.9	34.8	55.6	31.3
Xestión de loxística	18.6	22.2	8.6	21.7	61.1	20.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Unha de cada catro empresas fixeron intercambio automatizado de datos durante o último ano, aumentando do 25,1% do ano anterior ao 25,9% neste ano.

G.40. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Tendo en conta a actividade da empresa, as que máis fixeron comunicacións e intercambios de información cos seus clientes ou provedores, foron as Comerciais TIC, como manifestan o 31,9% das empresas TIC consultadas. Na banda contraria situaríanse as de Telecomunicacións, cun 11,1%.

G.41. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O volume de persoal é de novo o factor que incide nun maior uso do intercambio de datos, cunha notable diferenza de 46 puntos porcentuais entre microempresas e as que teñen 10 ou máis asalariados/as.

G.42. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Tendo en conta a ubicación xeográfica das sedes das empresas, a metade das empresas con sede fóra de Galicia fixo intercambio automatizado de datos. Nas empresas con centros produtivos dentro da nosa comunidade, destacar as empresas de Ourense cun menor intercambio de información de modo automático (5,7%).

G.43. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


Facendo unha análise entre as diferentes tipoloxías de intercambio de datos automatizados, aumentaron en casi todos os casos, salvo no do envío de documentación sobre transporte, envíos e entregas.

Unha das tipoloxías que máis medrou no período anual foi a de envío de instrucións de pago a entidades bancarias (6,2 puntos máis), situándose no 87,4%.

Tamén pode observarse un crecemento do intercambio automatizado de información coa Administración pública, que acada xa o 72,2%, e experimentando un crecemento de 3,1 puntos porcentuais.

G.44. TIPOLOXÍAS DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS

(% empresas TIC que intercambiaron automatizadamente datos)



Fonte: OSIMGA

Analizando o sector de actividade, as empresas Manufactureiras TIC destacan por ter unha maior porcentaxe de todas as tipoloxías de xestións automatizadas, sendo do 10%% no caso de recepción de documentación sobre transporte, envío e entregas, de instrucións de pago a entidades bancarias ou de información coa Administración Pública.

C.28. TIPOLOXÍA DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Envío ou recepción de información sobre produtos	75.0	72.7	75.0	67.8	33.3	68.0
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío, entregas	100.0	81.8	75.0	45.6	33.3	53.7
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	100.0	100.0	75.0	85.6	66.7	87.4
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	100.0	77.3	75.0	67.8	100.0	72.2

Base: empresas TIC que realizan intercambio automatizado de datos
Fonte: OSIMGA

As empresas de maior tamaño fan maior uso de case todas as modalidades de intercambio de mensaxes automatizados, salvo no caso de envío ou recepción de información sobre produtos: nas microempresas de 0 a 9 asalariados / as é do 68,3% e nas de 10 ou máis traballadores/as é do 66,7%.

C.29. TIPOLOXÍA DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas % de resposta múltiple	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Envío ou recepción de información sobre produtos	68.3	66.7	68.0
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío, entregas	52.0	62.5	53.7
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	86.1	91.7	87.4
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	67.3	91.7	72.2

Base: empresas TIC que realizan intercambio automatizado de datos
Fonte: OSIMGA

Referíndonos a tipoloxía de intercambio automatizado de datos máis frecuente, o envío de instrucións de pago a entidades bancarias é empregado no 100% de empresas de Lugo e de Ourense.


C.30. TIPOLOXÍA DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO A PROVINCIA

Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas % de resposta múltiple	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Envío ou recepción de información sobre produtos	61.2	100.0	50.0	73.0	77.8	68.0
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío, entregas	50.7	75.0	33.3	54.1	62.5	53.7
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	85.3	100.0	100.0	86.5	88.9	87.4
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	77.6	75.0	100.0	57.9	88.9	72.2

Base: empresas TIC que realizan intercambio automatizado de datos
Fonte: OSIMGA

Durante o 2019 prodúcese un crecemento tanto do envío como da recepción de facturas electrónicas que permiten o procesamento automático. Algo máis da metade das entidades envía facturas electrónicas (51,2%), mentres que unha de cada catro empresas recibe este tipo de facturación (25,2%). No caso do envío, o crecemento foi de 7,2 puntos porcentuais dende o ano 2018, mentres que na recepción foi de 2,2 puntos.

G.45. EVOLUCIÓN DO INDICADOR Envío e recepción de facturas electrónicas (% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Atendendo ao sector de actividade, no envío de facturas electrónicas as empresas “Manufactureiras” destacan con diferenza, cunha porcentaxe de uso dun 78,6%; o 55,6% das empresas de “Telecomunicacións” recibiu facturación de xeito telemático.

G.46. ENVÍO E RECEPCIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Tamén neste caso o número de empregados/as amosa ser un factor que incide fortemente no envío e recepción de facturas electrónicas, crecendo en máis de 34,1 puntos porcentuais no caso do envío, e en 28,1 puntos no caso da recepción.

G.47. ENVÍO E RECEPCIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Durante este ano 2019 volve a aumentar o uso de tecnoloxías Cloud, que permiten a utilización de recursos compartidos e configurables a través da Rede. Experimenta unha subida de 1,6 puntos porcentuais, acadando o 57,9%.

G.51. EVOLUCION DO INDICADOR

Emprego de servizos Cloud Computing

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Dentro dos sectores de actividade, as empresas adicadas as "Actividades Informáticas" foron as que máis empregaron os servizos Cloud, concretamente nun 64,4% das empresas TIC.

G.52. EMPREGO DE SERVICIOS CLOUD COMPUTING SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Tanto entre as microempresas como nas de máis empregados / as segue crescendo o uso de servizos de Cloud Computing, aínda así rexistrándose unha fenda de 30 puntos. Incrementábase o uso nun punto nas empresas de 0 a 9 empregados / as e en 3,9 puntos no caso das que teñen 10 ou máis traballadores / as.

G.53. EMPREGO DE SERVIZOS CLOUD COMPUTING SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

No ámbito xeográfico, o dato máis destacable é a diferenza entre as empresas de Ourense, onde o uso de Cloud é do 62,2%, fronte ás de Lugo, onde é do 40,6%.

G.54. EMPREGO DE SERVIZOS CLOUD COMPUTING SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A modalidade de servizo Cloud máis empregada (infraestrutura, plataforma, software) continúa a ser o Software (Google Apps Bussiness, Office 365, Salesforce.com, Dropbox, etc.), que nesta edición acada un 66,6% de empresas TIC que recoñecen utilizalo.

G.55. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD EMPREGADO

(% empresas TIC que empregan servizos Cloud)



Fonte: OSIMGA

Observando o tipo de actividade da empresa, as “Manufactureiras TIC” son as que máis destacan polo uso do Software como Servizo (SaaS) cun 91,4%, fronte o 46,5% das empresas adicadas ás Telecomunicacións.

C.31. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD EMPREGADO SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tipo ou modalidade de servizo Cloud empregado	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Infraestrutura como Servizo (IaaS)	23.5	34.5	37.0	37.1	38.2	36.5
Plataforma como Servizo (PaaS)	23.5	12.8	10.0	18.8	38.2	18.4
Software como Servizo (SaaS)	91.4	65.6	46.5	67.0	74.5	66.6
Outros servizos	17.1	35.7	29.4	37.1	32.7	35.9

Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud
Fonte: OSIMGA

Todas as modalidades ou servizos de Cloud atópanse con maior presenza nas empresas de 10 ou máis traballadores/as. A maior diferenza prodúcese na modalidade de Infraestrutura como Servizo (IaaS) cun 34,1% entre as microempresas e un 57,8% entre as de maior número de traballadores, o que marca unha diferenza de 23,7 puntos porcentuais.

C.32. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Tipo ou modalidade de servizo Cloud empregado	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Infraestrutura como Servizo (IaaS)	34.1	57.8	36.5
Plataforma como Servizo (PaaS)	17.7	24.5	18.4
Software como Servizo (SaaS)	66.2	70.9	66.6
Outros servizos	35.5	39.0	35.9

Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud
Fonte: OSIMGA

A modalidade de servizo Cloud máis empregada en cada provincia é a de Software como Servizo (SaaS) especialmente no caso da provincia de Lugo (82,3%), mentres que na de Pontevedra é do 61,7%.

C.33. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD SEGUNDO A PROVINCIA


Tipo ou modalidade de servizo Cloud empregado	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Infraestrutura como Servizo (IaaS)	36.6	31.5	28.5	36.7	58.1	36.5
Plataforma como Servizo (PaaS)	18.0	28.6	3.6	17.4	40.4	18.4
Software como Servizo (SaaS)	67.3	82.3	69.5	61.7	67.4	66.6
Outros servizos	35.4	31.5	20.8	41.7	25.8	35.9

Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud
Fonte: OSIMGA

Nas empresas que empregan servizos Cloud, a porcentaxe dos que ofertaron servizos baseados nas devanditas tecnoloxías foi do 43%.

Durante o ano 2019, a cifra de negocio xerada por produtos e servizos Cloud reduciuse moi lixeiramente, pasando do 33,7% ata a 33,1%.

G.56. OFERTA DE PRODUTOS OU SERVIZOS BASEADOS EN TECNOLOXÍAS CLOUD




Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud
Fonte: OSIMGA



G.57. EVOLUCION DO INDICADOR

Oferta de produtos ou servizos baseados en tecnoloxías Cloud

(% empresas TIC que empregan servizos Cloud)



Fonte: OSIMGA

III. 3. Internet


- ☞ A tecnoloxía de acceso a Internet máis contratada polas TIC galegas é a banda larga móbil, estando presente en máis da metade das empresas TIC galegas (50,6%), aínda que debemos destacar o significativo crecemento da fibra óptica ata a empresa, pasando do 39,4% a o 46,4%.
- ☞ En consecuencia, a velocidade de conexión experimentou un notable incremento, de modo que dúas de cada tres empresas TIC galegas contan xa con conexións de velocidades superiores aos 100 Mbps, experimentando un incremento dun 10,5% no último ano.
- ☞ A interacción coas Administracións Públicas a través de Internet por parte das empresas adicadas ás TIC continúa a súa tendencia de crecemento, situándose no 78,3% de empresas que interactúan coas administracións, cun crecemento de 2,3 puntos porcentuais no último ano.
- ☞ En canto ao uso da sinatura dixital, novamente atopamos un crecemento deste recurso entre as empresas TIC galegas. O 73% utiliza sinatura dixital, crecendo en 9,6 puntos porcentuais respecto ao ano 2018.

A principal tecnoloxía de acceso a Internet é a banda larga móbil UMTS (50,6%), aínda que durante este ano 2019 diminuíu levemente. Pola contra, a fibra óptica ata a empresa tivo un crecemento moi significativo, pasando do 39,4% a o 46,4%, e asentando esta tecnoloxía como a segunda máis empregada para o acceso a Internet entre as empresas TIC galegas.

G.58. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Tecnoloxía contratada de acceso a Internet

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

As empresas “Manufactureiras TIC” son as que máis empregaron a banda larga móbil UMTS (58,7%), mentres que na banda contraria situaríanse as empresas de “Telecomunicacións” cun 36,8%, preferindo nesta caso a tecnoloxía FTTH no 52,6% das entidades.

C.34. TECNOLOXÍA CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Telefónica básica e módem	---	1.5	---	0,4	---	0.5
RDSI	9.2	4.6	4.4	2.5	4.4	3.3
ADSL	50.3	36.6	32.4	23.8	28.5	27.2
CABLE	13.3	14.4	32.0	31.3	11.8	26.9
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	58.7	49.1	36.8	51.7	50.4	50.6
Fibra óptica ata a empresa (FTTH)	40.6	45.9	52.6	45.1	57.0	46.4
Outras conexións de banda larga sen fíos (wimax, wifi,...)	11.2	12.5	14.7	18.5	17.1	17.1
Banda larga vía satélite	---	0.6	---	0.6	---	0.5

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

En liñas xerais, todos os tipos de tecnoloxías para acceder a Internet son máis elevadas nas empresas de maior volume de persoal. A maior diferenza a atopamos na fibra óptica, que marca unha diferenza de 17,5 puntos porcentuais (45,2% nas microempresas e dun 62,7% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as).

C.35. TECNOLOXÍA CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Telefónica básica e módem	0.5	---	0.5
RDSI	2.3	15.3	3.3
ADSL	26.6	35.2	27.2
CABLE	26.2	35.2	26.9
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	49.6	63.3	50.6
Fibra óptica ata a empresa (FTTH)	45.2	62.7	46.4
Outras conexións de banda larga sen fíos (wimax, wifi,...)	15.9	33.2	17.1
Banda larga vía satélite	0.3	3.3	0.5

Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA

As maiores diferenzas respecto ao ámbito xeográfico atopámonas na diferente implantación das dúas tecnoloxías máis comúns, a banda larga móbil UMTS e a fibra óptica. Destacar a dispar presenza nas empresas de Ourense e das que contan con sede fóra de Galicia en favor da banda larga móbil, cun 56,2 e un 81,3% respectivamente.

C.36. TECNOLOXÍA CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA


Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Telefónica básica e módem	1.0	---	---	---	---	0.5
RDSI	3.0	---	4.0	3.2	11.8	3.3
ADSL	25.6	34.4	32.8	25.7	37.6	27.2
CABLE	29.0	22.9	33.4	21.6	39.6	26.9
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	46.1	68.2	56.2	48.6	81.3	50.6
Fibra óptica ata a empresa (FTTH)	44.4	47.0	35.3	48.8	72.9	46.4
Outras conexións de banda larga sen fíos (wimax, wifi,...)	17.7	9.0	5.8	17.8	41.8	17.1
Banda larga vía satélite	0.7	---	2.2	---	---	0.5

Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA

A banda larga, en calquera das súas variantes tecnolóxicas, continúa o seu incremento nas empresas TIC, achegándose cada vez máis a totalidade, cun 99,5% (0,2 puntos de incremento no último ano).

G.59. CONTRATACIÓN DE BANDA LARGA




Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA

Nota: Considérase banda larga á conexión a Internet realizada a través de ADSL, Cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga

Do mesmo xeito que se incrementou a banda larga, a velocidade de conexión é tamén cada vez maior, de modo que un 66,5% das empresas TIC galegas (10,5 puntos porcentuais máis que no 2018) contan con máis de 100 Mbps cando acceden a Internet.

G.60. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET (% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

A maior velocidade de acceso a Internet, correspondente a máis de 100 Mbps, dase con máis prevalencia nas empresas adicadas a “Actividades informáticas”, das que un 68,9% dispoñen desta velocidade de acceso.

C.37. VELOCIDADE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE

Velocidade de acceso a Internet	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Menos de 1 Mbps	---	4.3	7.1	1.8	2.6	2.4
De 1 Mbps ata 2 Mbps	---	1.4	---	1.2	---	1.0
De 2 Mbps ata 10 Mbps	7.1	4.3	7.1	7.2	15.4	7.3
De 10 Mbps ata 30 Mbps	7.1	10.1	7.1	6.9	7.7	7.2
De 30 Mbps a 100 Mbps	21.4	23.2	14.3	14.1	10.3	15.4
Máis de 100 Mbps	64.3	56.5	64.3	68.9	64.1	66.5

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa amosa tamén unha diferenza considerable na velocidade, cun 88,6% de empresas de 10 ou máis traballadores/as que posúen máis de 100 Mbps fronte o 64,9% das microempresas TIC que contan coa mesma velocidade.

C.38. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

Velocidade de acceso a Internet	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados / as	
Menos de 1 Mbps	2.7	---	2.4
De 1 Mbps ata 2 Mbps	1.1	---	1.0
De 2 Mbps ata 10 Mbps	7.6	2.9	7.3
De 10 Mbps ata 30 Mbps	7.6	2.9	7.2
De 30 Mbps ata 100 Mbps	16.1	5.7	15.4
Máis de 100 Mbps	64.9	88.6	66.5

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Territorialmente destacan as empresas situadas na provincia de Pontevedra (69.6%) como as que teñen máis frecuentemente velocidades superiores aos 100 Mbps.

C.39. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA


Velocidade de acceso a Internet	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Menos de 1 Mbps	3.0	---	---	3.2	---	2.4
De 1 Mbps ata 2 Mbps	1.7	---	---	0.6	---	1.0
De 2 Mbps ata 10 Mbps	6.8	14.3	17.1	4.4	5.6	7.3
De 10 Mbps ata 30 Mbps	5.5	---	14.3	9.5	11.1	7.2
De 30 ata 100 Mbps	17.8	17.1	11.4	12.7	11.1	15.4
Máis de 100 Mbps	65.3	68.6	57.1	69.6	72.2	66.5

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Nesta edición, correspondente a ano 2019, mermou levemente a porcentaxe de empresas TIC que emprega algún tipo de aplicativos en plataformas móbiles, cun 63,6% delas e perdendo 0,6 puntos porcentuais.

G.61. EVOLUCION DO INDICADOR Emprego de aplicativos en plataformas móbiles

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

O sector onde maior uso se fai de aplicativos en plataformas móbiles é o de “Actividades informáticas” cun 65,6%. Pola contra, nas empresas Manufactureiras TIC, a porcentaxe foi do 50%.

C.40. EMPREGO DE APLICATIVOS EN PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Emprego de aplicativos en plataformas móbiles	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	50.0	62.3	55.6	65.6	55.3	63.6
Non	21.4	17.4	22.2	14.7	7.9	36.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O emprego de aplicativos en plataformas móbiles é moito máis elevado nas empresas TIC galegas de máis de 10 empregados / as, cunha fenda respecto as microempresas de máis de 20 puntos porcentuais, o que incide na importancia destes aplicativos no empresariado galego.

C.41. EMPREGO DE APLICATIVOS EN PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS

Emprego de aplicativos en plataformas móbiles	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
SI	62.0	82.9	63.6
Non	12.8	42.9	36.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas TIC ubicadas na provincia de Lugo (80%) fixeron un maior uso de apps en plataformas móbiles, cunha distancia de 22,9 puntos porcentuais respecto ao uso de este tipo de aplicacións das empresas de Ourense (57,1%).

C.42. EMPREGO DE APLICATIVOS EN PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO A PROVINCIA

Emprego de aplicativos en plataformas móbiles	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	62.3	80.0	57.1	61.1	83.3	63.6
Non	14.8	22.9	78.6	12.7	33.3	36.4


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A porcentaxe de empresas que encargaron algún tipo de software para plataformas móbiles mantense moi preto do datos da edición anterior, no 15% (baixando apenas uns 0,5 puntos porcentuais).

G.62. EVOLUCION DO INDICADOR

Encargaron desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o sector de actividade das TIC galegas, as empresas de Telecomunicacións, cun 22,2%, son as que máis encargaron desenvolvementos específicos de Software para plataformas móbiles.

C.43. ENCARGARON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Software para plataformas móbiles	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	21.4	17.4	22.2	14.7	7.9	15.0
Non	78.6	82.6	77.8	85.3	92.1	85.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Neste indicador, o tamaño da empresa amosa ser un factor relevante que reflicte de xeito importante nunha maior porcentaxe. A distancia entre microempresas e empresas Tic de máis de 10 empregados / as, son de 30,1 puntos porcentuais, acadando a porcentaxe do 42,9% de empresas TIC deste tamaño que encargaron desenvolvementos específicos de Software para plataformas móbiles.

C.44. ENCARGARON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS

Software para plataformas móbiles	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados / as	
SI	12.8	42.9	15.0
Non	87.2	57.1	85.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas TIC galegas que teñen sede fóra de Galicia (33,3%) son as que máis encargaron algún tipo de aplicación específica ou software dirixido a plataformas móbiles. Respecto as empresas TIC que teñen sede na nosa comunidade, destacan neste indicador, ás de Lugo, cun 22,9%, mentres que resulta máis baixo nas de Ourense, onde só encargaron aplicativos o 8,6% das entidades.

C.45. ENCARGARON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO A PROVINCIA

Software para plataformas móbiles	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	14.8	22.9	8.6	12.7	33.3	15.0
Non	85.2	77.1	91.4	87.3	66.7	85.0


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Respecto das empresas TIC galegas que desenvolven software para plataformas móbiles, supoñen o 27,7% do total.

G.63. EVOLUCION DO INDICADOR

Ofreceron desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Atendendo ao sector onde as empresas realizan a súa actividade, destacar as relacionadas coas Actividades informáticas, entre as que un 33,8% ofreceron desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles.

C.46. OFRECERON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Software para plataformas móbiles	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	7.1	14.5	22.2	33.8	10.5	27.7
Non	92.9	85.5	77.8	66.2	89.5	72.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A porcentaxe de empresas de ofreceron desenvolvementos específicos de software, deseñados especificamente para plataformas móbiles, foi dun 48,6% nas empresas de 10 ou máis empregados / as, reducíndose en 22,6 puntos porcentuais, no caso das microempresas.

C.47. OFRECERON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS

Software para plataformas móbiles	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
SI	26.0	48.6	27.7
Non	74.0	51.4	72.3

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Analizando a ubicación dos centros produtivos, as empresas TIC con sede fóra de Galicia , son as que máis ofreceron algún tipo de software para plataformas móbiles, cunha porcentaxe do 33,3%.

C.48. OFRECERON DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE SOFTWARE PARA PLATAFORMAS MÓBILES SEGUNDO A PROVINCIA

Software para plataformas móbiles	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	27.1	28.6	28.6	27.4	33.3	27.7
Non	72.9	71.4	71.4	72.6	66.7	72.3


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Durante este ano 2019 aumentou a porcentaxe da cifra de negocio xerada por elaborar este tipo de aplicacións ou software, relacionado coas plataformas móbiles. Acadou o 24,9%, o que supón 1,8 punos porcentuais de incremento.

G.64. EVOLUCION DO INDICADOR

Cifra de negocio xerada por software para plataformas móbiles

(% empresas TIC que desenvolveron software para plataformas móbiles)



Fonte: OSIMGA


Utilización e servizos empregados en Internet

A interacción coas Administracións Públicas a través de Internet por parte das empresas adicadas ás TIC continúa a súa tendencia de crecemento, situándose no 78,3% de empresas que interactúan coas administracións, cun crecemento de 2,3 puntos porcentuais no último ano.

G.65. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Interacción coas Administracións Públicas

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

No sector de Manufactureiras TIC, a interacción a través de Internet, entre empresas e Administracións, é do 100%.

As empresas adicadas as Telecomunicacións (81,5%) e ás actividades Comerciais TIC (81,2%), son as que máis interactuaron coas disferentes Administracións a través de medios telemáticos.

C.49. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Interacción coas administracións públicas	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sí	100.0	81.2	81.5	77.5	68.4	78.3
Non	---	18.8	18.5	22.5	31.6	21.7

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A totalidade das empresas con 10 ou máis empregados / as realizou algún tipo de interacción online coas Administracións Públicas durante o ano pasado. No caso das microempresas, esta porcentaxe, tres de cada catro empresas, fixo trámites coas Administracións a través de Internet.

C.50. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Interacción coas Administracións Públicas	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Sí	76.7	100.0	78.3
Non	23.3	---	21.7

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

En canto ao ámbito xeográfico destacan as empresas TIC con sede en Ourense como as que máis empregaron a Rede para interaccionar coas Administracións (85,7%).

C.51. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO A PROVINCIA

Interacción coas administracións públicas	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Sí	78.0	77.1	85.7	77.1	83.3	78.3
Non	22.0	22.9	14.3	22.9	16.7	21.7

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A procura de información é o trámite administrativo que máis realizaron as empresas TIC galegas por Internet (66,3%), aínda que a xestión electrónica completa ocupa a segunda posición (54,5%). Todas as xestións electrónicas son máis frecuentes coa Administración Xeral do Estado.

C.52. INTERACCIÓN A TRAVÉS DE INTERNET COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

TIPO DE INTERACCIÓN	Sí (%)	Administracións (% sobre as empresas que interactuaron coas AAPP para...)			
		Xunta de Galicia	Admon	Xeral do Estado	Concellos
Para obter información	66.3	75.6		82.2	57.5
Para a xestión electrónica completa	54.5	61.7		75.4	40.4
Para obter impresos e formularios	53.8	61.3		79.0	42.8
Para devolver impresos cumprimentados	45.1	55.0		85.8	36.8
Para presentar unha proposta comercial a licitación pública	17.5	76.5		58.8	60.2
Base: empresas TIC Fonte: OSIMGA		Base: empresas TIC que interactuaron coas AAPP Fonte: OSIMGA			

Facendo un desglose dos servizos empregados na Rede polas empresas TIC, destacan a procura de información en xeral (95,6%), seguida dos servizos bancarios e financeiros (93,4%). A certa distancia, pero con valores elevados, atópanse os servizos de Formación e aprendizaxe (75,5%) e os servizos de transporte e aloxamento (72,8%) como os máis frecuentemente realizados on line polas empresas TIC galegas.

C.53. SERVICIOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET


SERVICIOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET	SI	NON
Procura de información en xeral	95.6	4.4
Servizos bancarios e financeiros	93.4	6.6
Formación e aprendizaxe	75.5	24.5
Servizos de transporte e aloxamento	72.8	27.2
Para facer publicidade da súa empresa	60.0	40.0
Obtención de servizos post-venda	59.6	40.4
Para observar o comportamento do mercado	58.8	41.2
Busca de persoal	42.8	57.2
Para operar nalgún marketplace	36.1	63.9
Base: empresas TIC Fonte: OSIMGA		

En canto ao uso da sinatura dixital, novamente atopamos un crecemento deste recurso entre as empresas TIC galegas. O 73% utiliza sinatura dixital, crecendo en 9,6 puntos porcentuais respecto ao ano 2018.

G.66. EVOLUCION DO INDICADOR

Uso da sinatura dixital

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Aínda que o uso máis frecuente da sinatura dixital diríxese á interacción coas Administracións Públicas (92,3%), continúa o aumento deste indicador para relacionarse tamén con clientes e/ou provedores, aumentando en 0,8 puntos porcentuais e chegando ao 38,2%.

G.67. EVOLUCIÓN

Emprego de sinatura dixital

(% empresas TIC que usaron sinatura dixital)




Fonte: OSIMGA

O sector de emprego onde atopamos un maior uso da sinatura dixital é o das empresas TIC Manufactureiras, cun 92,9%, seguida a certa distancia polas empresas Comerciais (73,9%) e as de Actividades informáticas (73,4%).

G.68. UTILIZACIÓN DE SINATURA DIXITAL SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Do mesmo xeito que acontecía con respecto á interacción coas Administracións Públicas, no uso da sinatura dixital a totalidade de empresas de 10 ou máis empregados / as utiliza este sistema nas súas transaccións dixitais, así como no 70,9% das microempresas.

G.69. UTILIZACIÓN DE SINATURA DIXITAL SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As empresas TIC con sede fóra de Galicia son, cun 88,9%, as que máis empregaron a sinatura dixital nas súas comunicacións. Na nosa comunidade destacan as porcentaxes das empresas ubicadas en Lugo e Ourense, cunha porcentaxe de utilización da sinatura dixital do 77,1% en ambos os dous casos.

G.70. UTILIZACIÓN DE SINATURA DIXITAL SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


III. 4. Páxina web

- ☞ Durante este ano 2109 baixou lixeiramente a dispoñibilidade de páxina web entre as empresas TIC galegas. O fixo en 4,1 puntos porcentuais, situándose nun 78,6%.

G.71. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Dispoñibilidade de páxina web

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A motivación principal para non dispoñer de páxina web, dacordo ás propias consideracións das empresas TIC, é que teñen outras prioridades (46,3%).

G.72. MOTIVACIÓNS DE NON DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB

(% empresas TIC que non teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

As empresas Comerciais TIC, cun 84,1%, son as que máis dispoñibilidade de páxina web teñen, seguidas polas empresas Manufactureiras TIC, onde contan con páxina de empresa o 80%.

C.54. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A ACTIVIDADE

Dispoñibilidade de páxina web	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sí	80.0	84.1	74.1	78.2	76.3	78.6
Non	20.0	15.9	25.9	21.8	23.7	21.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segmentando segundo o tamaño da empresa, destacar a universalidade de páxina web na totalidade de empresas TIC de 10 ou máis empregados / as, neste caso a páxina web. A distancia da dispoñibilidade de web, con respecto as empresas de menos persoal, é de 23 puntos porcentuais.

C.55. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Dispoñibilidade de páxina web	Nº DE EMPREGADOS / AS		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Sí	77.0	100.0	78.6
Non	23.0	---	21.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas TIC con sede en Galicia, son as que máis contan con páxina web (94,5%), e nas que teñen sede na nosa comunidade, destaca a dispoñibilidade das empresas de Lugo, cun 94,3%.

C.56. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A PROVINCIA

Dispoñibilidade de páxina web	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Sí	73.4	94.3	68.6	83.5	94.5	78.6
Non	26.6	5.7	31.4	16.5	5.5	21.4


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Reduciuse lixeiramente a porcentaxe de páxinas web creadas con normas de accesibilidade, baixando uns 10,9 puntos porcentuais e acadando un 46,3%.

G.73. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Páxina web con normas de accesibilidade

(% empresas TIC que teñen páxina web)




Fonte: OSIMGA

A lingua na que se atopan a meirande parte das páxinas web das TIC galegas é o castelán (94,5%), destacando o feito do incremento do inglés (o ano pasado situábase no 23,1% e este no 27,8%).

G.74. IDIOMAS DISPOÑIBLES DOS CONTIDOS DA PÁXINA

(% empresas TIC que teñen páxina web)




Fonte: OSIMGA

III. 5. Redes sociais

- ☞ Continúa o incremento do uso de redes sociais por parte das empresas TIC galegas, pasando do 42,4% ao 45,9%, uns 3,5 puntos porcentuais.
- ☞ A realización de accións de marketing continúa sendo a principal motivación para o uso das redes sociais.
- ☞ O 9,7% das empresas que aínda non teñen presenza nas redes sociais teñen previsto facelo proximamente.

Aumenta o uso de redes sociais por parte das empresas TIC galegas, chegando ao 45,9% (3,5 puntos porcentuais de crecemento).

G.75. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

G.76. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Presenza activa nas redes sociais

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As accións enfocadas ao marketing, como difundir os produtos da empresa, mellorar o posicionamento de marca, etc, son as principais motivacións que recoñecen para dispoñer de redes sociais, según manifesta o 77,3% das empresas TIC que dispoñen delas. O 72,4% sinala que o uso é preferentemente para captar novos clientes.

G.77. FINALIDADE DE USO DAS REDES SOCIAIS

(% empresas TIC que teñen unha presenza nas redes sociais)



Fonte: OSIMGA

As empresas Manufactureiras TIC, cun 64,3%, son as que máis presenza activa recoñecen nas redes sociais.

C.57. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Presenza nas redes sociais	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sí	64.3	33.3	29.6	49.7	39.5	45.9
Non	35.7	66.7	70.4	50.3	60.5	54.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa de novo reflicte nunha maior porcentaxe de uso das redes sociais, cun 85,7% nas de 10 ou máis empregados / as fronte ao 42,7% das empresas de 0 a 9 traballadores / as.

C.58. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Presenza nas redes sociais	Nº DE EMPREGADOS / AS		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Sí	42.7	85.7	45.9
Non	57.3	14.3	54.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas TIC da provincia de Lugo continúan sendo as que posúen maior presenza nas redes sociais (55,6%) dentro da nosa comunidade, xa que nas empresas galegas TIC con sede fóra de Galicia a porcentaxe ascende ata o 77,8%.

C.59. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO A PROVINCIA


Presenza nas redes sociais	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Sí	46.6	55.6	42.9	39.2	77.8	45.9
Non	53.4	44.4	57.1	60.8	22.2	54.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A previsión de ter presenza nas redes sociais proximamente entre as empresas TIC galegas que aínda non dispoñen deste medio de comunicación e visibilidade empresarial, é do 9,7%.

G.78. PREVISIÓN DE INCORPORARSE ÁS REDES SOCIAIS

(% empresas TIC que non teñen presenza nas redes sociais)



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

IV. COMERCIO ELECTRÓNICO



- ☞ Sube a porcentaxe de empresas TIC galegas que compraron a través de Internet no último ano, chegando ata o 76,6% (8,4 puntos porcentuais de incremento).
- ☞ As vendas de bens ou servizos a través de Internet por parte das empresas TIC tamén creceron no 2018, sitúándose nun 29,6%.


IV. 1. Compras

- 👉 Sube a porcentaxe de empresas TIC galegas que compraron bens ou servizos a través do comercio electrónico, acadando o 76,6%.
- 👉 Tamén experimenta un importante crecemento o peso destas compras a través de Internet respecto ao total de compras efectuadas polas empresas TIC galegas, de representar un 48,2% hai un ano pasaron a un 56,6%. Supón un incremento de 8,4 puntos porcentuais.

O 76,6% das empresas TIC en Galicia fixeron compras de bens ou servizos a través de Internet ao longo do ano 2018, incrementando a porcentaxe deste indicador en 0,9 puntos porcentuais.

G.79. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico
(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Tendo en conta a actividade da empresa, son as relacionadas coas actividades Manufactureiras (85,7%) as que máis empregaron Internet para facer compras, pedidos ou reservas de produtos ou servizos.

G.80. COMPRAS MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As compras a través de Internet son máis frecuentes nas empresas de 10 ou máis traballadores / as, de modo que 91,4% delas a practicóu. Trátase dunha porcentaxe elevada que amosa unha distancia de 16 puntos porcentuais con respecto as empresas de menor número de empregados / as.

G.81. COMPRAS MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO O N° DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Analizando a ubicación dos centros produtivos, nas empresas TIC que posúen sede na nosa

comunidade apenas atopamos diferenzas destacables. Sen embargo, nas que teñen sede fóra de Galicia a diferenza das que fixeron compras a través de Internet é significativa, achegándose a unha porcentaxe do 88,9%.

G.82. COMPRAS MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A principal motivación das empresas TIC galegas para non facer compras a través de comercio electrónico, é que non tiveron necesidade de facelas (63%), segundo as súas propias apreciacións. A segunda motivación para non realizar este tipo de transaccións electrónicas é que as empresas TIC da nosa comunidade prefiren a relación tradicional co provedor á hora de facer as súas compras (28,8%).

G.83. MOTIVOS PARA NON REALIZAR COMPRAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO


(% empresas TIC que non realizaron compras a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

on line, tamén aumentou o seu peso

respecto ao importe total de compras efectuadas polas TIC galegas, cun incremento de 8,4 puntos porcentuais.



Analizando a procedencia das compras electrónicas feitas polas empresas TIC galegas neste último ano, prodúcese un crecemento das realizadas en Galicia (do 16,7% pasa ao 19,7%) e das compras no territorio europeo (do 15,5% aumenta ata o 17%), aínda que España segue a ser o principal mercado onde as empresas compran electrónicamente bens ou servizos, cun 53,8% do total de compras realizadas on line polas as empresas TIC.


C.60. DESGLOSE DE COMPRAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO

% de importe das compras realizadas a través do comercio electrónico			
Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
19.7	53.8	17.0	9.5

Base: empresas TIC que realizaron compras a través do comercio electrónico
Fonte: OSIMGA

G.84. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Desglose de compras a través do comercio electrónico
(% do importe das compras realizadas a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA


IV. 2. Vendas

👉 Creceu a porcentaxe de empresas TIC que venderon os seus produtos ou servizos a través do comercio electrónico, situándose no 29,6% (3,5 puntos porcentuais máis que no ano anterior).

👉 O 64,8% das empresas TIC galegas coñece a tecnoloxía Blockchain ou criptomoeda, sendo empregada por un 2,9% das mesmas.

Durante o ano 2018, a porcentaxe de empresas TIC que venderon os seus produtos ou servizos a través do comercio electrónico aumentou en 3,5 puntos porcentuais, acadando o 29,6%.

G.85. VENDAS DE BENS OU SERVIZOS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

G.86. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC que venderon a través de Internet no último ano

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA - INE

O motivo principal polo que as empresas non empregaron o comercio electrónico para vender os seus produtos, en consideración das propias empresas TIC, é que estes non son axeitados para facer a súa venda a través de Internet (60,2%).

G.87. MOTIVOS PARA NON VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO

(% empresas TIC que non venderon a través do comercio electrónico)




Fonte: OSIMGA

Pola contra, as motivacións que máis destacan as empresas TIC para empregar o comercio electrónico á hora de comprar ou vender os seus produtos e servizos son: a captación de novos clientes (59,8%) e a prestación de servizos personalizados a cada cliente (57,4%), ambos motivos cun forte crecemento no último ano.


G.88. MOTIVOS PARA VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO

(% empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

O peso das vendas a través do comercio electrónico respecto ao volume de negocio das empresas TIC que fixeron vendas por Internet mantense respecto dos valores de 2018.



Respecto da distribución territorial das vendas electrónicas atendendo á ubicación dos clientes, experimenta un crecemento dos clientes situados en España (do 39,1% pasa ao 46,2%) reducíndose lixeiramente a importancia dos clientes ubicados na nosa comunidade (do 47,1% pasa ao 38,7%).

Tamén destaca o crecemento das vendas a clientes do resto da Unión Europea, cun crecemento de 2,2 puntos porcentuais (do 6,4% subiu ata o 8,6%).

C.61. DESGLOSE DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO AREA XEOGRÁFICA

% de importe das vendas realizadas a través do comercio electrónico			
Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
38.7	46.2	8.6	6.5

Base: empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico
Fonte: OSIMGA

G.89. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Desglose de vendas a través do comercio electrónico segundo a area xeográfica

(% de importe das vendas realizadas a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

O destinatario das vendas electrónicas das empresas son na súa maioría outras empresas, que aglutinan o 77,9% do importe de vendas. No 19,5% dos casos o cliente final foron particulares.


C.62. DESGLOSE DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO TIPO DE CLIENTE

% de importe das vendas realizadas a través do comercio electrónico		
Outras empresas	Administración Pública	Fogares
77.9	2.6	19.5

Base: empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico
Fonte: OSIMGA

O 64,8% das empresas TIC galegas coñecen a tecnoloxía de Blockchain ou criptomoeda para realizar transaccións financeiras de xeito dixital e protexido sen unha figura bancaria, aínda que, como teremos ocasión de ver, o seu uso resulta todavía reducido entre as empresas TIC galegas.

G.85. COÑECEMENTO DE BLOCKCHAIN OU CRIPTOMOEDA




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O coñecemento desta metodoloxía de intercambio de transaccións electrónicas resulta moito máis elevado nas empresas TIC que desenvolven Actividades informáticas (69,2%), seguidas das empresas Manufactureiras (64,3%).

G.80. COÑECEMENTO DE BLOCKCHAIN OU CRIPTOMOEDA SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o tamaño das empresas TIC, atopamos pouca diferenza en canto a coñecemento da criptomoeda e Blockchain, con apenas 2,2 puntos porcentuais de diferenza, pero destacando o feito de que é nas microempresas onde maior constancia recoñecen desta posibilidade electrónica de realizar transaccións económicas entre outras.

G.81. COÑECEMENTO DE BLOCKCHAIN OU CRIPTOMOEDA SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A provincia galega onde máis empresas coñecen o termo de criptomoeda e Blockchain é a de Lugo, onde un 75% así o recoñece.

G.82. COÑECEMENTO DE BLOCKCHAIN OU CRIPTOMOEDA SEGUNDO A PROVINCIA


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Aínda que o coñecemento da criptomoeda abrangue ao 64,8% das empresas, o uso deste tipo de tecnoloxía de pago electrónico por parte das TIC galegas, é todavía moi reducido, achegándose apenas ao 3% das entidades.

G.85. USO DE BLOCKCHAIN OU CRIPTOMOEDA




Base: empresas TIC que coñecen a tecnoloxía Blockchain ou criptomoeda

Fonte: OSIMGA

O motivo principal para empregar a tecnoloxía Blockchain/criptomoeda é a da transparencia das transaccións (59,3%), seguido moi de preto pola razón da seguridade das bases de datos ou rexistros de nomes (56,5%), e a de realizar ou recibir pagos electrónicos (55,1%).

G.88. MOTIVOS PARA EMPREGAR TECNOLOXÍA BLOCKCHAIN OU CRIPTOMOEDA

(% empresas TIC que coñecen a tecnoloxía Blockchain ou criptomoeda)




Fonte: OSIMGA

Os sectores de actividade onde as empresas galegas utilizan o Blockchain ou criptomoeda, son moi reducidos, despuntando o de Actividades informáticas (3,5%) e o de Actividades Comerciais (2,7%).

G.80. USO DE BLOCKCHAIN OU CRIPTOMOEDA SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC que coñecen a tecnoloxía Blockchain ou criptomoeda)



Fonte: OSIMGA

Aínda que o uso de criptomoeda nas empresas TIC galegas é todavía moi reducido, atopamos un maior uso nas de maior número de empregados / as, acadando o 4,5% (1,8 puntos porcentuais máis que nas microempresas).

G.81. USO DE BLOCKCHAIN OU CRIPTOMOEDA SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC que coñecen a tecnoloxía Blockchain ou criptomoeda)




Fonte: OSIMGA

As empresas TIC galegas con sede fóra de Galicia (16,7%), destacan polo maior uso de Blockchain ou criptomoeda, mentres que nas empresas con centros produtivos na nosa comunidade mencionar ás de Pontevedra (3%) e A Coruña (2%).


G.82. USO DE BLOCKCHAIN OU CRIPTOMOEDA SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC que coñecen a tecnoloxía Blockchain ou criptomoeda)



Fonte: OSIMGA

V. FORMACIÓN



- ➡ O 29,8% das empresas TIC ofreceu accións formativas en TIC ao seu persoal, concretamente ao 73,2% dos traballadores / as destas empresas.
- ➡ Máis da metade das empresas TIC (57,6%) reconece interese en facilitar formación en TIC ao seu persoal, destacando o relativo ás tecnoloxías Cloud e aos modelos de negocio relacionados (40,7%).


V. 1. Formación

- ☞ Case que unha de cada tres empresas TIC galegas impartiu formación en novas tecnoloxías da información e comunicación ao seu persoal, o 29,8%.
- ☞ As accións formativas de maior interese para as TIC galegas son as relativas ás Tecnoloxías Cloud e aos modelos de negocio relacionados nas mesmas (o interese neste tipo de formación sitúase no 40,7%). A seguridade informática e a protección de datos ocupan a segunda posición en canto a formación de interese para as TIC galegas (35,6%).

O 29,8% das empresas TIC galegas desenvolveu accións formativas tecnolóxicas para o seu persoal no último ano.

G.90. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC que formaron en TIC a traballadores / as da empresa no último ano
(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As empresas Manufacteiras TIC continúan sendo as que máis formación impartiron aos seus traballadores / as, cun 42,9% de porcentaxe das empresas desta actividade que formaron ao seu persoal.

Na outra banda situárianse as empresas de Telecomunicacións, onde o 14,8% facilitou instrución en materia TIC.

G.91. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A diferenza entre accións formativas en TIC de microempresas e empresas de 10 ou máis traballadores/as, é de 41,8 puntos porcentuais, o que amosa a grande importancia ofrecida á formación entre o tecido empresarial TIC galego.

G.91. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Dentro das empresas con sede na nosa comunidade, as TIC que máis formación proporcionaron ao seu persoal foron as de Lugo, cun 42,9%, mentres que nas de

Pontevedra a porcentaxe de empresas que impartiron formación aos seus traballadores / as, en materia de novas Tecnoloxías da información e comunicación, foi do 24,2%.

G.92. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES/AS DA EMPRESA O ÚLTIMO ANO SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Nestas empresas que facilitaron formación aos traballadores / as, reciben formación o 73,2% do persoal en promedio, practicamente tres de cada catro traballadores.

C.63. DESGLOSE DE FORMACIÓN RECIBIDA

% de traballadores/as que reciben formación en TIC

73,2


Base: empresas TIC que facilitaron formación TIC no ano 2018
Fonte: OSIMGA

A modalidade de formación elixida ratifica o interese polo e-learning continúa entre as empresas TIC galegas, cun aumento nas que utilizan esta metodoloxía de formación do persoal respecto do ano anterior (1,2 puntos porcentuais).

G.93. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Emprego de e-learning como técnica de formación

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA - INE

As “Manufactureiras TIC”, cun 64,3%, son as que máis empregaron e-learning, mentres que nas de “Telecomunicacións” a porcentaxe de uso desta ferramenta para formar ao seu personal foi dun modesto 14,8%.

G.94. EMPREGO DE E-LEARNING COMO TÉCNICA DE FORMACIÓN SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A diferenza ven novamente da man do tamaño da empresa en canto ao volume de traballadores/as. A fenda no uso do e-learning para formar ao personal entre as empresas pequenas e as de máis traballadores / as é de 32,5 puntos porcentuais.

G.95. EMPREGO DE *E-LEARNING* COMO TÉCNICA DE FORMACIÓN SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Con todo, o 57,6% das empresas TIC manifestaron interese en facilitar aos seus traballadores / as formación en TIC, e un 21,9% prevé facelo durante o próximo ano.

G.96. INTERESE EN FACILITAR FORMACION EN TIC AOS / AS TRABALLADORES /AS




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

No 2018 unha das áreas de maior interese formativo é a de Tecnoloxías Cloud e modelos de negocios baseados en Cloud (40,7%). A Seguridade informática e protección de datos, 35,6%, é a segunda área de maior interese formativo, seguida da área de Deseño asistido (34%).

G.97. AREAS DE FORMACIÓN TIC DE INTERESE

(% empresas TIC interesadas en facilitar formación en TIC)



Fonte: OSIMGA


VI. CIBERSEGURIDADE

- 
- ➡ Pese a que o 81,4% das empresas TIC galegas utiliza medidas de seguridade informática, o 23,6% padeceron algún incidente de seguridade durante o último ano.

VI. 1. EMPREGO DE SISTEMAS DE SEGURIDADE INFORMÁTICA


☞ A porcentaxe de empresas TIC galegas que emprega sistemas de seguridade informática é dun 81,4%, empregando especialmente sistemas como o backup de datos ou a autenticación por datos coñecidos.

G.101. EMPREGO DE SISTEMAS DE SEGURIDADE INFORMÁTICA



Os sistemas de seguridade máis empregados son o Backup de datos en ubicación externa (81,5%), seguido da autenticación a través de datos coñecidos (76,6%), como poder ser, por exemplo, o uso das contrasinais ou claves persoais.

G102. SISTEMAS DE SEGURIDADE INFORMÁTICA EMPREGADOS (% empresas TIC que dispoñen de sistemas de seguridade informática)



Fonte: OSIMGA

As empresas “Comerciais TIC”, cun 91,3%, destacan polo maior emprego de sistemas de seguridade informática, fronte ás dedicadas ás Actividades informáticas, onde o 79,3% das empresas usan algún sistema de seguridade na Rede.

C.66. EMPREGO DE SISTEMAS DE SEGURIDADE INFORMÁTICA SEGUNDO A ACTIVIDADE

Emprego de sistemas de seguridade informática	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	80.0	91.3	81.5	79.3	81.6	81.4
Non	20.0	8.7	18.5	20.7	18.4	18.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Aínda que en liñas xerais, tanto nas empresas pequenas como nas de máis personal o emprego de sistemas de seguridade é moi elevado, a incidencia de uso de sistemas de protección informática, é do 97,1% nas de 10 ou máis asalariados / as.

C.67. EMPREGO DE SISTEMAS DE SEGURIDADE INFORMÁTICA SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

Emprego de sistemas de seguridade informática	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Si	80.1	97.1	81.4
Non	19.9	2.9	18.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o ámbito xeográfico, na totalidade de empresas con sede fóra de Galicia empréganse sistemas de seguridade informática. Entre as da nosa comunidade, as que máis destacan son ubicadas na provincia de Ourense, cun 88,6%. Polo contrario, por un menor control de seguridade, destacar as empresas TIC pontevedresas, onde un 77,8% aplican medidas de seguridade informática.

C.68. EMPREGO DE SISTEMAS DE SEGURIDADE INFORMÁTICA SEGUNDO A PROVINCIA


Emprego de sistemas de seguridade informática	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	81.0	82.9	88.6	77.8	100.0	81.4
Non	19.0	17.1	11.4	22.2	---	18.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

VI. 2. Incidentes de seguridades acontecidos

- ☞ O 23,6% das empresas galegas dedicadas ás TIC sufriu un incidente de seguridade durante o ano 2018.
- ☞ Os ataques de virus e os intentos de estafa foron os incidentes máis frecuentes entre as empresas que tiveron problemas coa ciberseguridade.

G.103. INCIDENTES DE SEGURIDADE INFORMÁTICA




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

En máis da metade dos incidentes acontecidos ás empresas adicadas ás TIC, as consecuencias foron virus (52%), seguidos de estafas ou intentos de estafa (45,8%).

G.104. INCIDENTES DE SEGURIDADE INFORMÁTICA ACONTECIDOS

(% empresas TIC que tiveron incidentes de seguridade informática)



Fonte: OSIMGA

Tendo en conta a actividade das empresas, as “Manufactureiras TIC” son as que máis padeceron incidentes de seguridade informática, de modo que un 35,7% delas recoñece telos sufrido no ano 2018, seguidas das “Comerciais TIC” onde o 29% das empresas afirma que tivo incidentes de seguridade informática.

C.66. INCIDENTES DE SEGURIDADE INFORMÁTICA SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tiveron incidentes de seguridade informática	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	35.7	29.0	25.9	22.8	15.4	23.6
Non	64.3	71.0	74.1	77.2	84.6	76.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Unha de cada tres empresas de 10 ou máis traballadores / as sufriron algún problema de seguridade informática (37,1%) fronte o 22,6% das microempresas.

C.67. INCIDENTES DE SEGURIDADE INFORMÁTICA SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

Tiveron incidentes de seguridade informática	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Si	22.6	37.1	23.6
Non	77.4	62.9	76.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segundo a provincia onde se localiza a sede, as empresas ubicadas na provincia de Lugo son as que máis incidentes de seguridade informáticas padeceron no último ano (un 31,4%). Nas empresas galegas pero con sede fóra de Galicia, esta porcentaxe incluso acada o 33,3%.

C.68. INCIDENTES DE SEGURIDADE INFORMÁTICA SEGUNDO A PROVINCIA

Tiveron incidentes de seguridade informática	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	23.7	31.4	14.3	22.2	33.3	23.6
Non	76.3	68.6	85.7	77.8	66.7	76.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

VII.Conclusións

I.Caracterización do Sector TIC

- En Galicia había 2.627 empresas TIC no ano 2017, o que supón un crecemento respecto do ano anterior de 48 novas entidades (un 1,9% máis).
- Galicia continúa no quinto posto respecto as demais Comunidades Autónomas en canto a número de empresas TIC.
- O 82% das empresas TIC en Galicia posúe un máximo de 2 empregados/as.
- Os datos de afiliacións á Seguridade Social en Galicia mostran un forte incremento do emprego no sector TIC no ano 2018, un 7,7%, acadando os 18.163 traballadores/as. Trátase do maior crecemento do emprego nos últimos cinco anos.
- A porcentaxe de homes que traballa no sector TIC (68,4%) duplica á cifra de mulleres traballadoras adicadas ás TIC, incrementándose a fenda respecto ao ano 2017.
- O 83,3% dos traballadores/as TIC cotizan no Réxime Xeral da Seguridade Social e o 55,4% do emprego se concentra na provincia da Coruña.
- O 30,7% do persoal das TIC na nosa Comunidade posúe titulacións relacionadas coas TIC (superiores ou medias). Por xénero, esta porcentaxe distribúese entre 22,1% de homes e un 8,6% de mulleres.
- O 59,6% das empresas TIC galegas considera difícil ou moi difícil atopar novo persoal con formación axeitada en TIC ou co perfil en novas tecnoloxías.
- O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego para o ano 2016 foi superior aos 1.096 millóns de euros, o 1,9% do PIB total de Galicia.
- Diminúe levemente a porcentaxe de empresas TIC galegas que teñen algún tipo de certificación de calidade, tipo ISO 9001, CMMI ou similares, situándose nun 8,3%, o que supón 1,1 puntos porcentuais menos que no ano 2018.

II.Actividades de I+D+i e innovacións

- Un terzo das empresas TIC galegas (33,2%) levaron a cabo actividades de I+D+i durante os 3 últimos anos, baixando levemente a porcentaxe respecto aos datos da edición anterior (34%).
- Dentro das empresas que fixeron actividades I+D+i, a porcentaxe das que obtiveron resultados comercializables continúa a ser o mesmo, un 65,1%.
- Aumentou lixeiramente a porcentaxe de empresas TIC de Galicia que durante os últimos 3 anos introduciron bens novos ou mellorados de xeito significativo acadando o 28,3% (1,1 puntos porcentuais máis). Tamén subiu a porcentaxe empresas TIC que introduciron servizos novos ou mellorados durante o período 2016-2018, pasando dun 36,2% a un 37,9%.
- A cooperación ou colaboración interempresarial tamén tivo un incremento neste ano, pasando do 18,4% ao 20,8%, sendo especialmente relevante a colaboración con outros socios ubicados en España (o 92,4% dos socios están ubicados en territorio nacional).
- Durante o último ano, subiron as solicitudes de debuxos ou modelos industriais (1,4 puntos), os dereitos de autor (1,1 puntos) e as marcas (0,3 puntos de diferenza).

III. Equipamento Tecnolóxico, Internet e redes sociais

- Durante o último ano, nas empresas galegas incrementouse a presenza de equipamentos TIC como a Rede de área local sen fíos (2 puntos porcentuais), a telefonía móbil para uso empresarial (1 punto máis), os servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos (0,7 puntos máis), e a Rede de área local LAN (0,3 puntos).
- Un novo indicador de equipamento tecnolóxico, introducido a raíz da súa utilización crecente, a impresión 3D, conta con presenza no 8,5% das empresas TIC galegas.

- O 33,1% das empresas TIC galegas conta con empregados/as que teletraballan, aínda que con representación dispar entre as empresas de maior volume de traballadores/as.
- O lugar desde onde teletraballan a maioría de empregados/as é o propio domicilio (88,8%) aínda que durante as viaxes de negocio ou en instalacións de clientes ou empresas asociadas ronda tamén resulta frecuente.
- As ferramentas informáticas orientadas á xestión de clientes e provedores son as máis utilizadas polas empresas TIC galegas, en porcentaxes que superan o 68% das entidades.
- Unha de cada catro empresas TIC galegas (25,9%) realizou algún tipo de intercambio de datos de xeito electrónico ou automatizado no último ano, achegándose ao 68,6% no caso das empresas de 10 ou máis traballadores/as.
- O intercambio de datos máis nomeado polas empresas son os envíos de instrucións de pago a entidades bancarias (87,4%) aínda que tamén destaca o intercambio automatizado coa Administración Pública (72,2%).
- Continúa o incremento tanto dos envíos como das recepcións de facturas electrónicas, acadando o 51,2% no caso dos envíos e o 25,2% no das recepcións.
- Nesta edición de 2019 volve destacar o auxe das tecnoloxías Cloud, que facilitan as empresas o uso de recursos compartidos e configurables a través da Rede. Máis da metade das empresas TIC galegas, o 57,9%, emprega servizos Cloud, aumentando 18,3 puntos dende o ano 2015.
- A tecnoloxía de acceso a Internet máis contratada polas TIC galegas é a banda larga móbil, estando presente en máis da metade das empresas TIC galegas (50,6%), aínda que debemos destacar o significativo crecemento da fibra óptica ata a empresa, pasando do 39,4% a o 46,4%.
- En consecuencia, a velocidade de conexión experimentou un notable incremento, de modo que dúas de cada tres empresas TIC galegas contan xa con conexións de velocidades superiores aos 100 Mbps, experimentando un incremento dun 10,5% no último ano.
- A interacción coas Administracións Públicas a través de Internet por parte das empresas adicadas ás TIC continúa a súa tendencia de crecemento, situándose no

78,3% de empresas que interactúan coas administracións, cun crecemento de 2,3 puntos porcentuais no último ano.

- En canto ao uso da sinatura dixital, novamente atopamos un crecemento deste recurso entre as empresas TIC galegas. O 73% utiliza sinatura dixital, crecendo en 9,6 puntos porcentuais respecto ao ano 2018.
- Durante este ano 2109 baixou lixeiramente a dispoñibilidade de páxina web entre as empresas TIC galegas. O fixo en 4,1 puntos porcentuais, situándose nun 78,6%.
- Continúa o incremento do uso de redes sociais por parte das empresas TIC galegas, pasando do 42,4% ao 45,9%, uns 3,5 puntos porcentuais.
- A realización de accións de marketing continúa sendo a principal motivación para o uso das redes sociais.
- O 9,7% das empresas que aínda non teñen presenza nas redes sociais teñen previsto facelo proximamente.

IV. Compras e vendas a través do comercio electrónico

- Sube a porcentaxe de empresas TIC galegas que compraron bens ou servizos a través do comercio electrónico, acadando o 76,6%.
- Tamén experimenta un importante crecemento o peso destas compras a través de Internet respecto ao total de compras efectuadas polas empresas TIC galegas, de representar un 48,2% hai un ano pasaron a un 56,6%. Supón un incremento de 8,4 puntos porcentuais.
- Creceu tamén a porcentaxe de empresas TIC que venderon os seus produtos ou servizos a través do comercio electrónico, situándose no 29,6% (3,5 puntos porcentuais máis que no ano anterior).
- O 64,8% das empresas TIC galegas coñece a tecnoloxía Blockchain ou criptomoeda, sendo empregada por un 2,9% das mesmas.

V. Formación

- Case que unha de cada tres empresas TIC galegas impartiu formación en novas tecnoloxías da información e comunicación ao seu persoal, o 29,8%.
- As accións formativas de maior interese para as TIC galegas son as relativas ás Tecnoloxías Cloud e aos modelos de negocio relacionados nas mesmas (o interese neste tipo de formación sitúase no 40,7%). A seguridade informática e a protección de datos ocupan a segunda posición en canto a formación de interese para as TIC galegas (35,6%).

VI. Ciberseguridade

- A porcentaxe de empresas TIC galegas que emprega sistemas de seguridade informática é dun 81,4%, empregando especialmente sistemas como o backup de datos ou a autenticación por datos coñecidos.
- O 23,6% das empresas galegas dedicadas ás TIC sufriu algún incidente de seguridade durante o ano 2018.
- Os ataques de virus e os intentos de estafa foron os incidentes máis frecuentes entre as empresas que tiveron problemas coa ciberseguridade.

ANEXO:

AGRUPACIÓN CNAES DO SECTOR TIC

A efectos estatísticos, a definición de sector TIC realízase mediante unha enumeración exhaustiva das ramas de actividade correspondentes ás empresas TIC (enfoque por sectores). Para determinar a lista de actividades, partiuse dos traballos metodolóxicos levados a cabo polos principais organismos internacionais, a Oficina europea de estatística (Eurostat), a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE), co fin de definir os conceptos e harmonizar a metodoloxía.

A partir do ano 2009, os indicadores sobre a Sociedade da Información de Galicia nas empresas TIC baséanse nesta definición establecida en termos da ISIC Rev.4, NACE Rev.2 e CNAE-2009. Na seguinte táboa relaciónanse o listado de actividades que conforman o sector TIC.

Definición do sector TIC POSTERIOR AO 1 DE XANEIRO DE 2009

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS TIC		
2610	26.11	Fabricación de compoñentes electrónicas
	26.12	Fabricación de placas electrónicas cargadas
2620	26.20	Fabricación de ordenadores e equipo periférico
2630	26.30	Fabricación de equipos de comunicacións
2640	26.40	Fabricación de aparatos de consumo electrónico
2680	26.80	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
INDUSTRIAS COMERCIAIS TIC		
4651	46.51	Comercio polo xunto de ordenadores, equipo informático periférico e programas informáticos
4652	46.52	Comercio polo xunto de equipo electrónico de telecomunicacións

INDUSTRIAS DE SERVIZOS TIC		
ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC		
5820	58.21	Industria editorial de xogos de ordenador
	58.29	Outros tipos de edición de programas informáticos
TELECOMUNICACIÓNS		
6110	61.10	Actividades de telecomunicacións por cable
6120	61.20	Actividades de telecomunicacións sen fíos
6130	61.30	Actividades de telecomunicacións por satélite
6190	61.90	Outras actividades de telecomunicación
ACTIVIDADES DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN		
6201	62.01	Actividades de programación informática
6202	62.02	Actividades de consulta de tecnoloxía da información
	62.03	Actividades de dirección de instalacións de ordenador
6209	62.09	Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de ordenadores
PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES RELACIONADAS		
6311	63.11	Procesamento de datos, aloxamento (<i>hosting</i>) e actividades relacionadas
6312	63.12	Portais web
REPARACIÓN DE ORDENADORES E EQUIPOS DE COMUNICACIÓN		
9511	95.11	Reparación de ordenadores e equipo periférico
9512	95.12	Reparación de equipos de comunicación

